

Galicia honra a Manuel María agradecéndolle a defensa do país

Numerosísimas figuras galegas renderon homenaxe ao escritor en Bonaval

O funeral terá lugar esta tarde na capela de Santa Isabel, en Outeiro de Rei, onde naceu o poeta.

No pasamento dun poeta: Lois Diéguez | Jorge Casanova



Enviar



Imprimir noticia



Volver

(Camilo Franco | santiago)

Os adxectivos xenerosos choveron onte sobre San Domingos de Bonoval para cubrir con amizade e recoñecemento a dor causada pola morte de Manuel María. Patriota, comprometido, defensor de Galicia, poeta renovador, pioneiro, son algunhas definicións que foron tentando encher con palabras o oco que a morte do escritor deixou no panorama cultural, político e social do país.



XOÁN A. SOLER

As primeiras reaccións déronse na mañá de onte nos arredores de San Domingos, mentres se esperaba polo féretro que achegaba a Santiago os restos do poeta. O secretario da Asociación de Escritores Galegos explicaba que a desaparición «é unha perda para a literatura galega e para o nacionalismo».

No mesmo espazo déronse cita figuras da política galega, maioritariamente do BNG, entre elas Xosé Manuel Beiras. O primeiro cualificou ao escritor como «un mestre» e relacionouno coa desaparecida figura de Uxío Novoneyra: «Manuel María soubo que cando desapareceu Novoneyra desaparecía algo do del, nese sentido falo eu dos mestres». Nas primeiras homenaxes que onte recibiu Manuel María estiveron presentes tamén o alcalde Santiago, Xosé Bugallo, e o concelleiro de Cultura, Néstor Rego, quen anunciou a edición nun futuro inmediato do libro **Poemas a Compostela**.

San Domingos de Bonaval converteuse onte no centro de peregrinaxe do mundo cultural galego, escritores, artistas, músicos renderon a primeira das homenaxes no Panteón de Galegos Ilustres e no salón de actos do Museo do Pobo Galego. Entre as actividades desenvolvidas onte, realizouse unha lectura organizada pola AS-PG e unha lectura dramatizada da peza teatral **Barriga Verde** por parte da Asociación de

Actores de Galicia.

O presidente dos editores, Miguel Anxo Fernán Vello, lembrou que entre as múltiples actividades de Manuel María, había que lembrar a de fundador da editorial Xistral, na que publicaron non poucos nomes decisivos das letras galegas. Francisco Pillado, de Laiovento, lembrou como se retrataba Manuel María: «Eu son un conversador, pero cando non teño con quen falar, escribo». Os máis diversos colectivos do país amosaron onte o seu pesar polo pasamento. Todas as institucións, os partidos políticos e numerosas entidades culturais foron demostrando ao longo do día o baleiro que a figura de Manuel María deixaba no país. Para hoxe están previstos dous actos de homenaxe, ás 10 dos músicos, e ás 12, dos escritores galegos.

Ás 16 horas, a comitiva sairá de San Domingos para dirixirse á capela de Santa Isabel en Outeiro de Rei, onde ás seis da tarde terá lugar o funeral.

Tarifas publicitarias / publicidad@lavoздеgalicia.es

[Contacte con nosotros: web@lavoздеgalicia.es]

© Copyright LA VOZ DE GALICIA, S.A.
Polígono de Sabón, Arteixo, A CORUÑA (España)

Auditado por 

RM de La Coruña: tomo2413, folio84, hojaC-12502

CIF: B-15.482.177